

FLADEIRO

NADAL 2007

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 11



C.E.I.P. MONTEMOGOS

BELUSO



OS DEPORTES

- No fútbol róubase a pelota.
- No fútbol canéase para meter gol.
- Xógase nun campo que ten terra, unha portería, outra portería para meter gol e parar as pelotas o porteiro.
- Fanse chilenas e tirámonos ó chan.
- As porterías teñen paus e rede.
- Hai moitos xogadores, algún esperan para saír no banquiño.
- Fanse "gorritos" (sombreiros).
- Se marcan gol gañan una copa para adornar.
- Hai un home vestido de negro que é o que pita e chámase árbitro. Saca tarxetas vermellas ou amarelas. Se son vermellas séntase e están castigados.
- Teñen camisetas diferentes e as cambian para xogar mellor.
- Pódese facer "pupa" un xogador porque dan patadas.





MOTOCICLISMO

- Podes facer cabaliños levantando a moto e chimpas, hai un bache e saltas. Ás veces, chocan.
- Fanse carreiras coas motos e a xente mira a ver quen gaña.
- Cando unha carreira comeza cambian os turbos para correr máis que os demais.
- Fan moito po cando frean e cando xiran.
- Está Dani Pedrosa en MotoGP.
- Jorge Lorenzo gañou dous premios.
- Corren en estrada e en terra.
- Levan casco.

TENIS

- O campo ten forma rectángular e no medio ten unha raia e unha rede.
- Cóllese unha pelota e tírase cunha raqueta.
- Unas pelotas van á rede e logo cóllenas.
- Hai dos xogadores. Noutros campo hai catro, uns diante e outros atrás.
- Rafa Nadal xoga ó tenis.
- No tenis hai puntos e non goles.
- O tenis xógase con zapatos brancos.
- Hai que botar e non pode saír fóra.
- Están mirando para eles e gaña o que sexa mellor.
- As raquetas son paus con rede.



XIMNASIA

- Fan volteretas, o pino cos pés para arriba para que os vexan.
- Fan que lle pegan a algo parecido a un moble e danlle puñetazos.
- Tamén lle dan patadas ó aire para estirar as pernas.


ESQUÍ

- Necesitamos un pau; dámoslle para diante para que nos leve.
- Levan casco para non caer e nos pés uns esquí para que tamén te empurren para diante e para frear.
- Nas mans póñense guantes e paus para frear porque se non van de morros e fan moito daño.
- Os esquí átanse cunha corda os pés.



CARREIRAS DE COCHES

- Fan carreiras e derrapes. Algún saen da pista e chocan.
- Hai carreiras de quads e de todo terreos.
- Alonso corre no seu coche. É boísimo porque corre un montón.
- Alonso é un coche de carreiras. Está montado e ten un casco na cabeza.
- Chocan coa cabeza e danse un golpe grandísimo.



Coñecemos outros deportes como o:

BALONCESTO:

- Botan unha pelota e métese nunha canastra.
- Uns fallan porque caen o chán.
- Xógase nun campo.

PIRAGÜISMO:

- Teñen que remar para que se mova a barca.

FÚTBOL SALA:

- Xogan nun pavillón.
- As porterías son máis pequenas.
- Non teñen círculos no medio. Ás veces un cadrado.




BASEBALL:

- Tírase unha pelota cun pau.
- Non hai goles, hai puntos.
- Teñen guantes para tirar e coller a pelota.

CICLISMO:

- Hai carreiras de bicis que vemos pola tele.
- Chocan e caéñse.



EDUCACIÓN INFANTIL



A
L
B
A




OS MÁIS PEQUENIÑOS DO COLE



P
A
B
L
O




L
A
U
R
A




I
A
G
O



G
I
S
E
L
A





D
A
N
I




A
R
I
D
A
N
E




V
I
C
T
O
R



A
B
E
L



C
A
R
M
E
N



Sopa de esquelete

Había unha vez un delfín que vivía nunha piscina cerca dun océano.

De veciño tiña a unha quenlla que sempre lle trababa a un esquelete.

O esquelete farto de que lle mordera decidiu disfrazarse.

O delfín deulle ideas:

- Podes disfrazarte de estatua, de quenlla, de balea, de peixe espada, de peixe parafuso...

Cando a quenlla volveu, o esquelete púso o traxe de estatua. A quenlla ao trabarlle perdeu todos os dentes e caeu unha pedra no cogote. Dende esa so come sopa, caldo e leite.



O AGOCHAMENTO DOS ALUMNOS DE SEGUNDO A

Os alumnos de Segundo A agochámonos nesta sopa de letras. Coas pistas que che imos dar, serías capaz de atoparnos?

Para atopar a David busca en Beluso ou en Madrid
 Xosé Ramón agóchase na Recta do Peón
 A Desiré non atoparás sentada, senón de pé
 Sabela non se escribe con uve por iso atoparala nunha nube
 Se a Tania e a Sara queres atopar do revés tes que buscar
 Cristian, como é moi caladiño, atoparalo redondiño, redondiño
 Miguel e Rubén agóchanse moi ben

B	U	S	C	A	R	B	E	N	R	E	Q	U	E	T	E
F	A	T	B	E	L	U	S	O	S	E	P	O	N	G	F
A	B	S	E	D	F	O	P	A	H	D	N	A	V	U	X
E	S	A	M	A	D	R	I	D	U	Y	A	B	C	A	B
N	E	B	U	R	P	E	G	F	E	T	X	V	J	H	O
V	C	E	T	O	P	I	Ñ	O	R	N	Y	K	I	A	D
O	S	L	N	P	L	T	D	O	I	J	O	R	T	D	A
C	R	A	I	S	A	Q	J	D	S	L	C	A	S	O	P
R	U	V	I	N	G	U	E	S	E	T	A	R	A	S	O
F	A	C	I	A	B	E	L	S	D	N	O	L	S	I	T
D	E	A	R	E	D	O	N	D	I	Ñ	O	E	T	T	O
V	I	D	U	Y	J	S	E	N	C	A	N	U	C	A	R
D	A	V	N	O	T	E	A	B	E	R	S	G	S	A	B
P	R	I	S	L	K	C	I	U	P	I	D	I	B	U	S
C	O	E	X	A	M	O	N	T	S	E	S	M	A	R	A
S	I	G	U	E	B	U	S	C	A	N	D	O	T	O	C

CONSELLO: Non lle fagas moito caso as pistas. Os alumnos de segundo A somos moi bromistas.

SUPER ATOPADOR: se atopas oito antes de vinte minutos

BO ATOPADOR: atopando sete antes dos vinte minutos

OS LIBROS QUE NOS GUSTAN

HARRY POTTER

Harry Potter é un neno orfo que vive cos seus pesados tíos Dursley e co seu curmán. Os seus pais foron asasinados por Lord Voldemort cando el só tiña un ano. Viven en Privet Drive nº 4, en Londres. Durante a semana Harry Potter está interno no colexio Hogarts que é un colexio de maxia e feiticaría.

O que máis lle gusta a Harry é facer maxia e andar ás voltas polos corredores do seu colexio.

Hogarts é un colexio dividido en catro casas:

- Godric Grifindg
- Helba Hapelpaz
- Rovina Raevenchor
- Salazar Shlizerin

Estes nomes pertencen aos fundadores de cada unha das casas. Noutra parte do cole están as aulas e o comedor. O director chámase Dumbledore....

J.K.Rowling é a creadora deste personaxe tan famoso e xa leva publicados sete libros:

- “ Harry Potter e a pedra filosofal” (258 páxinas).
- “ Harry Potter e a cámara secreta” (289 páxinas)
- “ Harry Potter e o prisioneiro Azkaban” (299 páxinas)
- “ Harry Potter e o cáliz de fogo” (668 páxinas)
- “ Harry Potter e a orde do Fénix” (889 páxinas)
- “ Harry Potter e o misterio do príncipe Nag” (668 páxinas)

O último dos libros só se pode ler en inglés porque aínda está sen traducir.

J.K Rowling naceu en 1.965 en Chipping Sodbury, Inglaterra. Antes escribía novelas para adultos pero vendía moi poucos libros, agora é unha das autoras máis lidas. Os seus libros foron levados ao cine.

Harry Potter está editado pola **Editorial Salamandra**

Gústannos os libros de Harry Potter porque son de maxia, de aventuras e porque son moi longos.

Daniel, Anxo e Alex

OS LIBROS DE ANIMAIS

Por que nos gustan?

- A min desde pequena gústanme os animais, por iso teño tantos na casa (un can, un gato, peixes), antes incluso tiña galiñas. Fun moitas veces ao zoo para velos e coñecer as súas características. Gústanme tanto os libros dos animais porque aínda que estás aprendendo cousas, son moi bonitos. **Nerea**

- Gústanme os libros de animais porque falan da natureza e teñen fotos e debuxos moi chulos . Na miña casa teño galos e galiñas. **Yerón**

- Algúns fins de semana vou ao zoo e ao bosque porque a min os animais gústanme dende pequeno. Teño na miña casa unha colección de libros da Nacional Geographic e gústame vela e aprender cousas deles. **Sergio**

Buscamos na biblioteca do colexio e atopamos algúns libros sobre animais moi interesantes:

- “Mi primera enciclopedia con Winnie de Pooh Ediciones Gaviota.
- “La vida en la montaña”. Editorial Susaeta.
- “Geo Natura” Editorial FHER
- “El fascinante mundo de..... Arañas, ranas, abejas,...” Editorial Parramón.

Nos libros de animais atopas cousas moi curiosas como estas que atopou **Arón:**

A ARAÑA DO SOL. En relación ao seu tamaño, as arañas de sol, ou solífugas, son os animais terrestres coas mandíbulas máis fortes. Comen insectos, arañas e lagartos. Aplastan ás súas presas coas súas mandíbulas ata matalas.

O VAMPIRO. O morcego vampiro é do tamaño dun dedo polgar. Este mamífero tráballe cos dentes de adiante ás súas presas mentres dormen e logo lámbelle o sangue coa lingua.

O MACACO XAPONÉS. Moitos macacos xaponeses habitan en grandes alturas, no cume dos volcáns. Alí vai moito frío no inverno e case non teñen comida. Para non se quedar xeados, sentan nos manantiais de auga quente e cando non teñen alimentos queiman as súas reservas de graxa.

GERÓNIMO STILTON

Gerónimo Stilton é un rato que vive en Ratonía que é a capital dunha estraña illa en forma de rebanda de queixo.

Como el mesmo di, é un tipo distraído, coa cabeza sempre nas nubes. Non é un rato calquera, é nin máis nin menos que o director dun periódico chamado “El eco del roedor”. Ademais de dirixir este periódico o que máis lle gusta facer é escribir. Escribe historias divertidas, moi graciosas, increíbles, un pouco estrañas pero sobre todo historias para rirse un pouco. Todas elas sucedéronlle de verdade e cóntaas nos seus libros.

Se queredes divertirvos un cacho,
collede un dos seus libros e ...
comprobádeo!

Ah, xa me esquecía,! nos seus momentos libres colecciona cortizas de queixo parmesano do Renacemento, xoga ao golf, pero sobre todo adora contarlle contos ao seu sobriño Benxamín.

Agora imos falar dalgúns dos **personaxes** que aparecen nos libros de Gerónimo Stilton:

Tenebrosa: a máis famosa directora de películas de terror da Illa do Ratos.

Escalofriosa: a sobriña preferida de Tenebrosa.

Avoa Cripta: apaixonada polas arañas. Ten unha tarántula xigante de nome Dolores

Ñik e Ñak: xemelgos latosos, expertos en informática.

Benxamín: o sobriño de Gerónimo.

Por que nos gustan?

Son libros moi divertidos que mesturan o humor co terror. Tamén son especiais porque teñen cheiros, letras moi bonitas e os fondos chaman a atención. A nós gústanos porque teñen as familias diante como a familia Tenebrax.

Algúns dos títulos publicados nesta colección:

- “Catro ratos na Selva Negra.”
- “O amor é coma o queixo”
- “O misterio da pirámide de queixo”.

Editorial: Destino.

Carlota, Clara e Andrea

KIKA SUPERBRUXA

É unha nena moi aventureira. Fíxose bruxa porque encontrou un libro de bruxas e aprendeu a facer feitizos. É unha bruxa auténtica pero secreta. Vive coa súa nai, co seu pai e co seu irmán Dani.

Non intentes imitar os seus esconxuros porque:

“Se ao ler unha palabra te trabucas,
o teu cepillo de dentes convértese en vasoira;
A túa mestra nun abominable monstro,
e o xeadado que estás comendo,
nun xurelo en escabeche”

Quen é o seu autor?


-KNISTER. Naceu en Alemaña en 1.952 e vive na cidade de Wesel. Encántalle presentar programas de lectura na tele, na radio, nas bibliotecas, nos teatros e nas librerías.

Por que nos gusta?

- ✓ Porque son libros de aventuras e de maxia
- ✓ De bruxas e de feitizos
- ✓ E tamén son de risa
- ✓ Porque Kika ten a mesma idade ca nós.

Algúns libros desta colección:

1. “Kika superbruxa detective”
2. “Kika superbruxa e os piratas”
3. “Kika superbruxa revoluciona a clase”
4. “Kika superbruxa e os indios”
5. “Kika superbruxa tola polo fútbol”



Editorial: Bruño.

KIKA SUPERBRUXA.

Serafín e Arón

KATIE KAZOO

É unha nena que ten máis ou menos a mesma idade ca nós e que nos seus libros conta as cousas que lle pasan cos seus amigos/as no cole e na casa. Vive cos seus pais e co seu can, ao que adora; encántalle coidalo e darlle abrazos.

Os mellores amigos de Katie Kazoo son Fox e Susi e lévase mal con Mac porque sempre lle gasta bromas moi pesadas.

Outros dos personaxes que aparecen nestes contos son:

- O director, un tío bastante serio.
- A señorita Ana, a profe, moi guapa e cariñosa.
- Papafrita, é a encargada co comedor, moi fea, moi bruxa e non se fixa no que fai.

A autora destas aventuras chámase NANCY KRULIC.

Porque nos gusta?

Gústanos porque ás veces Katie Kazoo transfórmase e porque sempre anda metida en problemas.

Títulos:

“Un día horrible no cole”

“A guerra do comedor”

“Chicos contra chicas”

Editorial: Bruño


Saray e Lorena

KATIE KAZOO

OS XOGOS DOS NOSOS AVÓS

Os alumnos de 3º B estivemos investigando sobre os xogos que practicaban en Beluso os nosos avós cando eran nenos e descubrimos que eran moitos, moi bonitos, moi divertidos e interesantes. Entre eles: a cachiza, as bólas, os zancos, os pelouros, ...

Tiro da corda.



Precísanse para este xogo un número par de xogadores e pode practicarse en espazos abertos ou pechados en calquera época do ano. Necesítase como material unha corda e un pano.

Debúxanse no chan unha raia, amárrase un pano no medio da corda e a cada lado da corda pónense o mesmo número de xogadores. Colócase a corda co pano sobre a raia e os dous equipos empezan a tirar. Quen consiga que pase ao seu campo un xogador do equipo contrario e a corda sexa toda para eles gaña o xogo. Hai diferentes modalidades deste xogo.

Carmen

A mariquitña.

Chámase tamén xogo da tella, da pedra etc. e antigamente era un xogo de nenas. Pódese xogar en calquera lugar e o número de xogadores é variable. Para este xogo o material necesario era a mariquitña: un cacho de tella, unha pedra plana, un taco de madeira ...



Debúxanse no chan unhas casas e o obxectivo do xogo é o de realizar os diferentes percorridos e ir gañando casas. As xogadoras terán que ir á pata coxa golpeando a mariquitña, pasando por todos os números marcados en cada cadro do chan. Se alguén lanza a mariquitña fóra do sitio que lle corresponde, déixaa enriba dunha raia ou ben a pise, cederá a súa vez ao xogador seguinte. Gaña o xogador que remate antes o percorrido. Este xogo ten moitas variantes.

María

A cachiza.



É un xogo no que participan dous xogadores como mínimo. Xógase en espazos abertos e en calquera época do ano. Os materiais que se precisan son un pau grande chamado pateiro e outro pequeno chamado cachiza.


Para xogar colócase a cachiza no chan e a uns cinco ou seis metros dela faise unha raia. O primeiro que comeza o xogo coloca debaixo da cachiza o pateiro para levantala ao aire e logo batela con forza para que chegue o

máis lonxe posible da raia. O xogador que lance máis lonxe a cachiza será o gañador do xogo. Existen outras formas de xogar. Verónica

As bólas.

Para xogar ás bólas o número de xogadores deben ser dous ou máis. Calquera lugar é bo para practicalo: patio da casa, colexio, rúa... Xógase durante todo o ano, sobre todo se non fai mal tempo. O material que se utiliza son as bólas que poden ser: de barro, de cristal, de aceiro ou americanas. Precísanse para este xogo unha bóla grande e varias pequenas.

Faise un círculo no chan, cun pau se é na terra ou cunha xiz se é cemento ou asfalto. Colócase a bóla grande dentro do círculo e o xogo consiste en tentar sacala coas bólas pequenas dende fóra do círculo. Se ao tirar coa bóla pequena esta queda dentro o que a quite queda con ela. Ao quitar a bóla grande, as bólas pequenas que quedan dentro repártense entre os xogadores. Xoel



A ra.



A ra é un xogo para practicar varios xogadores nun espazo aberto ou pechado e en calquera época do ano. O material que se utiliza son os pellos e a caixa da ra.

O xogo consiste no lanzamento duns pellos desde unha distancia marcada no chan (de 2 a 3 metros) a unha caixa con cinco furados, dúas argolas, un muíño e unha ra. O obxectivo do xogo é introducir os pellos na boca da ra ou nalgún dos outros furados da mesa. Cada xogador lanzará cinco pellos e

sumará os puntos obtidos; estes aparecen marcados nos compartimentos por onde caen. Gaña o que consiga os puntos acordados antes da partida. Manuel

Os zancos.

É un xogo para un só xogador e pode practicarse en calquera tipo de terreo sempre que non sexa moi irregular. Os zancos son dous paos de madeira, a poder ser dura, cuns topes para pousar os pés. Cumpre que teñan unha altura que debe superan quince ou vinte centímetros os ombros do xogador cando esta enriba deles. Hai que imaxinar que os zancos son os pés e movelos coas mans, repetindo os movementos que fan as pernas ao camiñar e procurando non perder o equilibrio. Carmen e Tamara



A chave.



Pódese xogar a este xogo por parellas ou individualmente. É un xogo de campo aberto e a época máis axeitada para practicalo é a primavera e o verán. O material que se necesita é a chave e os pellos.

Crávase a chave no terreo e os xogadores tiran a unha distancia de vinte a trinta pasos dende unha raia marcada no chan. Cada xogador lanza cinco pellos en cada man do xogo. Os tantos conséguense por bater nas aspas ou no eixo. Gaña o

xogador ou o equipo que consiga máis puntos é dicir o que lle dea máis veces á chave. Hai moitas formas de xogar á chave. Xavi

As agachadas. (“escondite”)

É un xogo para varios xogadores que se practica no exterior durante todo o ano e non precisa ningún tipo de material.

Bótase a sortes para elixir o xogador que vai quedar. Este xogador ten que pechar os ollos e contar ata un determinado número. Mentres el conta os outros rapaces teñen que esconderse, cada un por onde poida (detrás dunha pedra, debaixo dunha mesa, detrás dunha porta ...) Cando o que queda acaba de contar ten que descubrir aos que están escondidos. Os escondidos pódense salvar saíndo do escondedoiro sen que o vexa o que



queda. Se o consegue tamén salva a todos os outros xogadores. Rubén

Vexo - vexo.



Este é un xogo para dous ou máis xogadores que se realiza en calquera lugar e época do ano e para o que se utilizan os obxectos do propio contorno.

O xogador que comeza elixe un obxecto dos que está mirando para preguntarlle aos outros participantes cal é. Despois tenlle que dar algunha pista, como por exemplo a cor que ten e os outros participantes deben descubri-lo. O xogador que acerta e o que elixe novo obxecto. Se ninguén

acerta o primeiro xogador di a resposta e segue preguntando. Joel

A cuarta.(bólas)


É outra variante do xogo das bólas. O lugar máis axeitado para practicalo son os espazos abertos e pode xogarse en calquera época do ano.

Para comezar a xogar, a primeira bóla debe rebotar o máis lonxe posible. O segundo xogador trata de acercarse a unha distancia que era a medida desde o polgar ao pequeniño cos dedos da man estendidos (a cuarta).

Se non o consegue tócalle xogar ao outro xogador. Quen lance a súa bóla en dirección a unha das do outro xogador e logre aproximarse coa súa cuarta a el, gañará esa bóla. Paula



Pés quedos.



É un xogo para varios xogadores que se practica ao aire libre en calquera época do ano. Para este xogo necesítase unha pelota e un espazo de xogo amplo.

O neno que ten a pelota di o nome doutro xogador que ten que coller a pelota mentres os outros nenos escapan. Cando a colle grita ... pés quedos! e o resto dos xogadores teñen que quedar sen moverse. Entón o que ten a pelota dá tres pasos e intenta darlle con ela a un compañeiro. Se acerta gaña. Juan


Os pelouros.

Xogo para varios xogadores que se practica en calquera lugar e época do ano. Para xogar precísanse dez ou doce pelouros (pedras pequenas e redondas).

O que empeza colle os pelouros na palma da man, lánzaos ao aire, vira a man e deixa un na parte de arriba. Logo volve a lanzalo de novo e cólleo outra vez na palma da man. Despois vai collendo o resto dos pelouros primeiro, de un en un; despois, de dous en dous, de tres en tres...O xogador que deixase tres pelouros no chan, perdía e pasaba a xogar o outro compañeiro. Ángel e Tamara




Salto da corda.



É un xogo para tres ou máis xogadores e que se realiza normalmente ao aire libre. O único material que se necesita é unha corda.

Dous nenos agarran a corda, cada un polo seu extremo, e fan que a corda dea voltas. A un dos lados están, colocados en fila, os nenos que van a entrar. O primeiro neno conta e cando a corda sobe métese dentro dela, salta e sae. Despois un a un van pasando pola corda todos os demais xogadores. Se a corda tropeza no que está saltando e para, este neno colle a

corda e un dos que está dando sae a saltar. Saúl



NO LAGO




Nun lago francés vivían xuntos un pato, un cisne e un peixe. O pato e o cisne enfadábanse moi a miúdo, pero cada vez que se xuntaban para xogar e acababan cabreados o peixe lograba facer as paces entre eles.

Unha tarde xogaban no lago cunha pelota e o pato pinchouna. Isto fixo que o cisne volveuse enfadar. Cada un marchou nadando para o seu lado e o peixe quedou só. Á tardiña uns pescadores acercáronse ao lago a pescar e capturaron ao pobre peixe. O cisne e o pato, aínda que o intentaron, non lograron salvar ao seu amigo. Foi entón cando pato e o cisne déronse conta de que, por estar enfadados, perderan ao seu mellor compañeiro e desde entón fixéronse amigos; pero esta vez amigos para sempre.

Carmen 3º B

O GOLFIÑO RAÚL



Érase unha vez un golfiño que se chamaba Raúl e vivía libre no mar. Un día de verán, Raúl púxose a nadar sen parar. Tanto nadou que foi parar a unha praia. A praia estaba chea de nenos e de xente adulta que se bañaban na auga do mar. Os nenos que estaban na auga decatáronse da presenza de Raúl e empezaron uns a gritar e outros a rir de alegría, xa que nunca viran un golfiño ao seu lado. O golfiño púxose a xogar cos nenos toda a tarde. Era un golfiño moi bo e enredante. Ó acabar a tarde, o golfiño volveu nadar e afastouse da praia.

Rubén 3ª B

O SISTEMA SOLAR

O Sistema Solar é o conxunto formado polo Sol e os corpos celestes que orbitan ao seu redor: nove grandes planetas (Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano, Neptuno, e Plutón), xunto cos seus satélites, planetas menores, asteroides, os cometas, po e gas interestelar.

Pertence á galaxia chamada Vía Láctea, que está formada por cento de miles de millóns de estrelas e a súa formación pode situarse fai uns 4.650 millóns de anos.


O SOL

O Sol é unha estrela amarela relativamente xove, unha enorme bóla de gas hidróxeno e helio. É tamén o maior obxecto do Sistema Solar, representa o 99,8% da masa total.

O Sol xira sobre si mesmo en sentido directo con gran lentitude e todos os elementos do Sistema Solar xiran ao seu redor.

A luz solar tarda aproximadamente oito minutos en chegar a nós. A enerxía do Sol fai posible a vida sobre a Terra, aínda que se non fose pola atmosfera a súa enerxía aniquilaría o noso planeta.

- Tamaño: Un millón de veces o da Terra.
- Temperatura: 15 millóns de grados centígrados no núcleo e 6.000° C en superficie.
- Movemento de rotación: 25,4 días.
- Movemento de translación entono ao centro galáctico: 225 millóns de anos.



OS PLANETAS:

MERCURIO

E o planeta máis próximo ao Sol e tamén o segundo máis pequeno (algo menos ca Lúa).

En 1.974 unha sonda, Mariner 10, estudou a súa superficie: seca e rochosa, con grandes acantilados e enormes cráteres. Ten unha atmosfera extremadamente cálida e delgada, unha lata fundiríase facilmente. Os días son moi quentes e as noites moi frías.

- Tamaño: radio ecuatorial; 2,6 veces menor ca Terra (2.440 Km.).
- Temperatura media; 179° C.
- Movemento de rotación; 59 días.
- Movemento de translación; 88 días.
- Distancia media ó Sol; 2,5 veces máis próximo ca Terra (57.910.000 Km.)




VENUS

O segundo planeta máis afastado do Sol e o máis próximo á Terra.

Difire bastante da Terra; aínda que posiblemente tivo auga esta vaporizouse, a súa atmosfera componse principalmente de anhídrido carbónico. Na súa superficie hai ventos de ata 350 Km/h.

Ten tamén moitísimos e violentos volcáns e o seu ceo é amarelo, con nubes que atrapan a calor do Sol.

- Tamaño: radio ecuatorial; Parecido ao da Terra (6.052 Km.)
- Temperatura media; 482° C.
- Movemento de rotación; 243 días.
- Movemento de translación; 224 días.
- Distancia media ao Sol; 1,38 veces máis preto ca Terra (108.200.000 Km.).



A TERRA E A LÚA

A Terra, “o planeta azul”, mostra esta cor debido aos gases da atmosfera e os océanos. Único planeta do Sistema Solar no que existe vida, tamén é o único que posúe auga en estado líquido (71% da superficie). Conta cunha atmosfera que ten osíxeno (21%), que mantén a temperatura do planeta relativamente estable e actúa de escudo protector contra algunhas radiacións solares.

A súa codia consta de placas tectónicas que se moven, e cambian a súa forma e relevo.

- Tamaño: radio ecuatorial; 6.378 Km. (5°)
- Temperatura media; 15° centígrados. (7°)
- Movemento de rotación; 23,93 horas (día). (5°)
- Movemento de translación; 365,256 días. (3°)
- Distancia media ó Sol; 149.600.000 Km. (3°)



A Lúa é o único satélite natural da Terra, podemos observala a simple vista.

Non ten atmosfera, nin auga; por iso a súa superficie non se deteriora co tempo. Só o impacto de meteoritos provoca cráteres.

Reflicte a luz do Sol, e segundo como a ilumina da lugar ás catro fases lunares.

O 20 de Xullo de 1.969, Neil Armstrong, foi o primeiro home que pisou a Lúa, formando parte da misión Apollo XI.

- Tamaño: radio ecuatorial; 3,6 veces menor co da Terra. (1.737 Km.)
- Temperatura media-día; 107° C.
- Temperatura media-noite; -153° C.
- Movemento de rotación; 27,32 días.
- Movemento de translación; 27,32 días.

O xirar ao redor da Terra e de si mesma no mesmo tempo, fai que sempre nos mostre unha única cara.

- Distancia media á Terra; 384.403 Km.

MARTE

O “planeta vermello”, así vese dende a Terra. É o cuarto planeta máis afastado do Sol. Ten inmensas chairas e a montaña máis grande do Sistema Solar (tres veces o Everest).

Marte é o planeta favorito para albergar vida, aínda que un humano tería que levar traxe espacial. A atmosfera é moi delgada e está composta principalmente por anhídrido carbónico.

Ten dous satélites: Phobos e Deimos.

- Tamaño: radio ecuatorial; Aproximadamente a metade da Terra.(3.397 Km)
- Temperatura media; -63° C.
- Movemento de rotación; 24,62 horas.
- Movemento de translación; 686,98 días.
- Distancia media ao Sol; 1,5 veces máis afastado ca Terra.(227.940.000Km)



XÚPITER

É o planeta máis grande do Sistema Solar, ten máis masa co resto de planetas xuntos. E o seu volume é mil veces o da Terra.

Ten un tenue sistema de aneis, invisible dende a Terra, e 16 lúas (Ganímedes, Calisto, Io, Europa,...).

A súa atmosfera componse maiormente de hidróxeno, e a súa superficie soporta ventos de ata 700 Km/h.

- Tamaño: radio ecuatorial; 11,2 veces maior cá Terra. (71.492 Km.)
- Temperatura media; -120° C.
- Movemento de rotación; 9,84 horas.
- Movemento de translación; 11,86 anos.
- Distancia media ó Sol; 5,2 veces máis afastado cá Terra.



SATURNO

O sexto planeta máis afastado do Sol, e o segundo de maior tamaño.

Pode recoñecerse facilmente por os preciosos aneis que o rodean (formados principalmente de xeo). Pode verse a simple vista.

O igual ca Xúpiter, o planeta componse nun 75% de hidróxeno; os ventos alcanzan os 1.800 Km/h.

Conta con 17 satélites (Titán, Hyperion, Tethys, Rhea,...).

- Tamaño: radio ecuatorial; 9,4 veces o da Terra. (60.268 Km.)
- Temperatura media; -125° C.
- Movemento de rotación; 10,23 horas.
- Movemento de translación; 29,46 anos.
- Distancia media ó Sol; 9,5 veces maior ca da Terra. (1.429.400.000Km.)



URANO


Sétimo planeta, é apenas visible con telescopio. É un dos planetas descubertos recentemente (S. XVIII).

Ten forma de disco e xira sobre un eixe horizontal. Esta formado por gas e a súa atmosfera esta composta nunha metade por hidróxeno.

Posúe 27 lúas (Miranda, Ariel, Umbriel, Titania, Oberón,...), e ao menos 11 aneis.

Foi visitado pola sonda espacial Voyager 2 en 1.986.

- Tamaño: radio ecuatorial; 4 veces maior co da Terra. (25.599 Km.)
- Temperatura media; -210° C.
- Movemento de rotación; 17,9 horas.
- Movemento de translación; 84,01 anos.
- Distancia media ó Sol; 9,5 veces maior co da Terra. (2.870.990.000 Km.)



NEPTUNO


O planeta máis exterior dos xigantes gaseosos, foi descuberto gracias a predicións matemáticas no século XIX.

Ten cinco aneis delgados e tenues, e tamén 13 lúas (Tritón, Nereid,...).

Constituído sobre todo por xeo, a súa atmosfera componse de hidróxeno, helio, e o metano que lle da esa cor azul. Ten ventos de ata 2.000 Km/h.

Foi observado pola sonda Voyager II en 1.989.

- Tamaño: radio ecuatorial; 3,8 veces maior ca Terra. (24.746 Km.)
- Temperatura media; -200° C.
- Movemento de rotación; 16,11 horas.
- Movemento de translación; 164,8 anos.
- Distancia media ó Sol; 30,1 maior cá da Terra. (4.504.300.000)



PLUTÓN

O planeta máis afastado do Sol, e o máis pequeno. Sábese moi pouco deste planeta (foi descuberto no século XX), e é o único que non foi visitado por unha sonda espacial.

O contrario dos demais planetas exteriores, compostos por gases, está formado de rocha.

A súa órbita é errática e ten un satélite: Caronte.

- Tamaño: radio ecuatorial; 5,5 veces menor có da Terra. (1.160 Km.)
- Temperatura media; -230° C.
- Movemento de rotación; 153 horas.
- Movemento de translación; 248,54 anos
- Distancia media ó Sol; 39,5 veces maior cá Terra. (5.913.520.000 Km.)



OUTROS CORPOS

ASTEROIDES

Son obxectos rochosos e metálicos que orbitan ao redor do Sol, a maioría entre Marte e Xúpiter. Existen varios coñecidos: Ceres, Vesta, Pallas, Gaspar, Ida,....
A masa de todos eles é inferior á da Lúa.



METEORITOS

A palabra meteorito significa fenómeno do ceo, e describe a luz que se produce cando un fragmento de material extraterrestre entra na atmosfera da Terra. A maioría son fragmentos de asteroides ou cometas.

Cando chegan á superficie terrestre poden provocar grandes cráteres, que tal vez expliquen algunhas catástrofes do pasado: a extinción dos dinosauros. Tamén nos puxeron na pista da metalurxia.




COMETAS

Son corpos de forma irregular, fráxiles e pequenos, compostos por unha mestura de grans non volátiles e gases xeados. Teñen órbitas moi elípticas.

Constan de núcleo e cola, que son visibles.

Sobre eles existe a superstición de que anuncian acontecementos históricos. Un dos máis coñecidos é o cometa Halley.




PLANETAS EXTRASOLARES

Chámanse así a planetas que non xiran ao redor do Sol, senón doutras estrelas. É difícil observalos, porque están moi lonxe e non emiten luz.

O telescopio espacial Hubble descubriu varios destes planetas ao redor de estrelas xoves na nebulosa de Orión (por exemplo o planeta Dopler orbita entorno a estrela 51 Pegaso).

A súa formación foi similar ao do Sistema Solar.

ALUMNOS DE 4º A



CURIOSIDADES DO NOSO MUNDO

POR QUE SAE O ARCO DA VELLA?

Prodúcese normalmente cando chove e luce o sol ao mesmo tempo, polo efecto da refracción da luz branca do sol nas sete cores que a compoñen ao atravesar as finas gotas de chuvia con certo ángulo.



Mercedes Pretel (4ºB)

CAL É A ORIXE DA TERRA?

A Terra orixinouse hai catro mil seiscientos millóns de anos. Primeiro foi un enorme disco de gases incandescentes que se foron separando e depositando segundo a súa densidade. Logo formáronse a auga e a superficie terrestre.



Lucía Martínez (4ºB)

QUE SON OS VOLCÁNS?

Son aberturas na superficie terrestre sobre as que se van acumulando diferentes materias que proveñen do interior da terra. Esta materia chámase **magma** antes de ser expulsada e **lava** cando flúe ao exterior. No volcán pódense distinguir varias partes: o **foco**, que é o lugar en que están os materiais que sairán ao exterior; a **cheminea** ou conduto que comunica o foco coa superficie; o **cráter**, extremo exterior da cheminea; e o **cono**, que é a zona que rodea a abertura e que está formado pola acumulación de elementos expulsados polo volcán



Patricia Torres (4ºB)

POR QUE SE PRODUCEN OS TERREMOTOS?

Os terremotos son tremores da terra que se producen por correntamento das capas interiores da terra e tamén por cambios de presión destas capas. A amplitude do terremoto que se aprecia na superficie da terra depende da profundidade no que se encontre localizada ou **hipocentro** (punto de tremor). Para medir a intensidade dos terremotos os sismólogos sérvense dos **sismógrafos** e adoitan empregar a escala RICHTER, con valores entre o 1 e o 9.

Laura Rial (4ºB)

QUE SON OS FURACÁNS?

Son ventos moi rápidos que sopran en espiral arredor dun centro que se chama **ollo do furacán**. Fórmanse sobre o océano preto do Ecuador, cando o aire quente e húmido se eleva empuxado por aire máis frío que entra por debaixo; isto provoca que o aire xire moi á présa, e que poida superar mesmo os 200 km/h.

Katia Santomé (4ºB)

QUEN FOI O PRIMEIRO HOME EN CHEGAR AO ESPACIO?

Foi Yuri Gagarin, da antiga Unión Soviética. O 12 de abril de 1961, a pequena cápsula espacial Vostok de 2,3 metros de largo, describiu unha órbita ao redor da Terra. A cápsula esférica separouse do módulo do equipo e da nave espacial antes de precipitarse a atmosfera terrestre e caer en paracaídas.

Iria Rosas (4ºB)

POR QUE SE FORMAN AS ONDAS DO MAR?

Ao moverse o aire sobre a superficie do mar ocasiona un desprazamento de masas de auga que coñecemos co nome de ondada. O tamaño e a velocidade das ondas depende da intensidade do vento. As ondas xigantes, que poden acadar ata vinte metros de altura, teñen unha causa diferente: os movementos sísmicos do fondo do mar (maremotos)

Sergio Martínez (4ºB)

QUE É A DEFORESTACIÓN?

Houbo un tempo no que os bosques cubrían 6 billóns de hectáreas da terra, pero hoxe en día só quedan 4 billóns. O proceso da tala de árbores denomínase **deforestación** e o levan a cabo os seres humanos. As árbores son importantes para a supervivencia porque, ao igual que outras plantas verdes, fabrican osíxeno. Sen o osíxeno, os animais, incluídos os humanos, non poden sobrevivir.

Roberto Pastoriza (4ºB)

POR QUE SE PRODUCEN OS FOGOS DE SAN TELMO?

Durante moito tempo, este curioso fenómeno foi motivo de supersticioso terror para os navegantes. O feito de que nos terminais dos obxectos metálicos, así como nas puntas dos mastros dos veleiros se formasen, durante a noite, penacho luminosos, sobrecolía aos intrépidos mariños. A explicación é que se trata dun meteoro eléctrico que se produce cando a atmosfera se sobrecarga de electricidade.



Rubén Patiño (4ºB)


POR QUE BRILLAN AS ESTRELAS NO FIRMAMENTO?

As estrelas son corpos celestes de forma esférica que brillan con luz propia no firmamento. Estes astros fórmanse a partir de nubes de gas e po que se condensan. Emiten enerxía en forma de luz e calor debido á combustión de gases que se producen no núcleo. As estrelas van aumentando a súa luminosidade ata acadar o seu grao máximo, e despois apágase, ata transformarse en astros escuros. Unha estrela é luminosa cando a súa temperatura supera os 1500° C.

Ángela Villanueva (4ºB)

POR QUE O CEO É AZUL DURANTE O DIA?

A luz branca está composta de distintas cores. Unha delas, o azul, difúndese ao penetrar a luz solar na atmosfera dándolle ao firmamento a súa cor característica. Ao observar o ceo desde un avión ou nas altas montañas nótase que o azul do firmamento é máis escuro, dado que a luz solar atravesou un espesor menor de atmosfera.



Cristian Fernández (4ºB)

QUE HAI NO INTERIOR DUN SUBMARINO?

Un submarino consta dun compartimento presurizado onde vive e traballa a tripulación. O espazo entre este e o casco exterior contén unha serie de tanques para combustible, aceite, auga, desperdicios e lastre. Cando os tanques de lastre se inundan de auga do mar o submarino pesa máis ca auga que lle arrodea e mergúllase. Cando se bombea aire os tanques, obrigando a que saia a auga, o submarino perde peso e emerxe.

María Nogueira (4ºB)

CAMBIO CLIMÁTICO

ÍNDICE:

- 1- QUE É O CAMBIO CLIMÁTICO?
- 2- CAUSAS E IMPACTOS.
- 3- SOLUCIÓNS.

1-QUE É O CAMBIO CLIMÁTICO?

Chámase *cambio climático* a variación global do clima da Terra. Tales cambios prodúcense a moi diversas escalas de tempo e sobre todos os parámetros climáticos: temperatura, precipitacións, nubosidade... Son debidos a causas naturais e, nos últimos séculos, tamén a acción do home no medio ambiente.

O termo cambio climático refírese unicamente ó cambio producido por causas humanas; se se produce por causas naturais denomínase *variabilidade climática*.

O cambio climático é a maior ameaza ambiental á que se enfronta a humanidade. Diversas asociacións traballan para lograr un modelo enerxético sostible capaz de reducir as emisións de CO₂ para evitar un cambio climático perigoso e no que a opción nuclear estea definitivamente descartada.

É fundamental un cambio na forma de producir e usar a enerxía que é a maior fonte de emisión de CO₂. A substitución de formas de obtención de enerxías sucias por outras sostibles necesita a paralización de novos proxectos de centrais térmicas polo seu carácter de fábricas de cambios climáticos. O peche progresivo das centrais nucleares e o apoio a xeración de electricidade con fontes renovables.

2-CAUSAS E IMPACTOS.

A medida que a poboación vai crescendo, mellorando e aumentando a tecnoloxía, van aparecendo problemas medioambientais no planeta.

No medio ambiente se está a producir un declive cada vez máis acelerado na súa calidade e na capacidade para sustentar a vida.

Os impactos de todo isto son, entre outros os seguintes:

- **Dióxido de carbono:**

O dióxido de carbono prodúcese polo uso de combustíbeis fósiles (petróleo, carbón, enerxía nuclear), que poden provocar un aumento da temperatura da terra a través do efecto invernadoiro (impide que a radiación non escape ó espazo exterior).

- **Acidificación:**

As centrais térmicas e os escapes dos vehículos a motor emiten dióxido de xofre e óxidos de nitróxeno. Estes produtos son arrastrados pola choiva e neve, a chamada chuvia ácida, ou en forma de depósitos secos, partículas e gases atmosféricos.

- **Destrución de ozono:**

O uso de CFC e compostos de flúor (clorofurocarbonatos) que se empregan na refrixeración, aire acondicionado, disolventes de limpeza, materiais de empacado e aerosois.

O adelgazamento da capa de ozono e a existencia dun gran burato centrado na Antártida fai que penetre na Terra un exceso de raios ultravioletas que poden producir cancro de pel e cataratas, reducir a resposta do sistema inmunitario, interferir no proceso de fotosíntese das plantas e afectar ó crecemento do fitoplancto oceánico.

- **Hidrocarburos clorados:**

O uso de pesticidas sintéticos no control de pragas, unha vez volatilizados se distribúen por todo o mundo, contaminando áreas silvestres a grande distancia das rexións agrícolas, incluso nas zonas ártica e antártica.

Estes produtos químicos penetran na cadea alimentaria

- **Substancias tóxicas:**

As substancias tóxicas son produtos químicos. A súa fabricación, procesado, distribución, uso e eliminación representan un risco para a saúde humana e o medio ambiente.

Nos vertedoiros destas substancias poden filtrarse ó solo ou a auga. Así, poden contaminar a auga, o aire, as colleitas e os animais domésticos. Poden producir defectos conxénitos humanos, abortos e enfermidades orgánicas.

- **Radiación:**

As probas nucleares atmosféricas están prohibidas, pero as centrais radioactivas sempre liberan pequenas cantidades de residuos nucleares na auga e na atmosfera, pero o máis perigos é que se produzan accidentes nucleares (coma o de Chernóbil no ano 1986).

O problema máis grave ó que se enfrenta esta industria é onde almacenar os residuos nucleares.

- **Perda de terras vírxes:**

A redución dos bosques tropicais (Amazonía, Sureste asiático...), tundra e vida silvestre para prantacións de piñeiros, para cultivos, pastos ou para asentamentos humanos pode levar á extinción de 750.000 especies, o que suporía a perda de numerosos produtos como alimentos, fibras, fármacos, tintes, gomas e resinas.

En África podería ser o fin dos grandes mamíferos.

- **Erosión do solo:**

En todos os continentes se está a acelerar a erosión do solo, o que representa unha seria ameaza para o abastecemento global de víveres.

A erosión do solo e a perda de terras de cultivo e os bosques, reduce ademáis a capacidade de conservación da humanidade do solo e engade sedimentos ás correntes de auga, lagos e encoros.

- **Demanda de auga e aire**

A maioría dos problemas de auga danse en rexións semiáridas e costeiras do mundo.

As poboacións humanas en expansión requiren sistemas de irrigación e auga para a industria; isto está a esgotar ata tal punto os acuíferos subterráneos que neles empeza a penetrar auga salgada ó longo das áreas costeiras en España, Italia, Grecia, Estados Unidos, Siria, Golfo Pérsico, ...

- **Variacións orbitais:**

A órbita terrestre oscila periodicamente ó longo dos anos, facendo que a cantidade media de radiación que percibe cada hemisferio flutúe ao longo do tempo . Estas variacións provocan as pulsacións glaciais a modo de veráns e invernos de longo período.

3-SOLUCIÓNS.

É urxente cambiar o modelo enerxético actual para evitar o cambio climático perigoso. A única solución reside na substitución de enerxías sucias por enerxías renovables, e no aforro e na eficiencia.

Que son enerxías renovables?

Considérase enerxía limpa ou renovable aquela que produce ausencia de contaminación, e dicir, que non provén de centrais nucleares nin de centrais térmicas con combustíbeis fósiles coma o petróleo, carbón e a enerxía nuclear.

As enerxías renovables son :

-Solar fotovoltaica:

A radiación solar transformase directamente en electricidade mediante células fotovoltaicas, aproveitando as propiedades dos materiais semicondutores. O material base para a fabricación da maioría das células fotovoltaicas é o silicio, que se obtén a partir de area.

-Termosolar:

Os campos solares das centrais solares termoeléctricas concentran a radiación solar directa por diversos procedementos (usando espellos concentradores), e mediante distintas tecnoloxías proporcionan calor a media ou alta temperatura.

-Eólica terrestre:

A enerxía eólica converte directamente a enerxía cinética do vento en electricidade, a través de aerogeneradores agrupados en parques eólicos.

-Eólica mariña:

Teñen o mesmo fundamento tecnolóxico que os terrestres, pero se ubican no mar, sendo así de maior tamaño.

-Biomasa:

Chamamos biomasa á materia da planta, a cal é efectivamente un almacenamento a curto prazo de enerxía solar en forma de carbono. A biomasa é a parte do ciclo natural de carbono entre a terra e o aire.

-Minihidráulica:

Consiste no aproveitamento da enerxía potencial da auga, producida nos saltos dos ríos, regulados a gran escala mediante encoros, para convertila en electricidade.

-Xeotérmica:

É a que provén do subsolo. Pode proceder da calor acumulada na terra ou da calor orixinada baixo a cortiza terrestre.

-Ondas do mar:

Converten a enerxía mecánica das ondas en electricidade. En España aínda non se comercializa.

Outros sistemas aceptables serían o biogás, a enerxía hidráulica, a conxeneración e as pilas de combustible.

-Biogás:

É o aproveitamento enerxético dos residuos urbanos e industriais.

-Hidráulica:

O impacto ambiental e social da enerxía hidráulica pode ser moi grave se conleva a inundación de espazos, e pode ter outros impactos locais significativos. Sen embargo, o aproveitamento dos encoros existentes é lóxico e é unha das partes máis limpas do sistema eléctrico actual, pois o dano ambiental xa está producido.

-Coxeneración:

Trátase de sistemas de transformación enerxética de alta eficiencia, independentemente da súa forma de enerxía.

-Pilas de combustíbel:

As pilas de combustíbel funcionan a partir de hidróxeno que ó reaccionar químicamente co osíxeno libera enerxía e auga.

Que son enerxías sucias?

Chamamos enerxías sucias a aquelas que proveñen de centrais térmicas, centrais nucleares e incineradoras de residuos.

-Central térmica:

É aquela central dedicada á produción de enerxía eléctrica queimando un combustíbel. As centrais térmicas funcionan principalmente queimando carbón e producindo vapor, este vapor a alta presión fai xirar unha turbina que produce a electricidade. A produción neste tipo de centrais ten un rendemento baixo e só se utiliza en grandes instalacións .

-Central nuclear:

A enerxía nuclear producida nas centrais nucleares é a que se produce a partir da física nuclear que é unha rama da física que estuda as propiedades e o comportamento dos núcleos atómicos, a estrutura fundamental da materia e as interaccións entre partículas subatómicas.

Alumnos e alumnas de 5º curso.

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS

Artigo 1ª.

Tódolos seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, débense comportar fraternalmente uns cos outros.

Artigo 2ª.

Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición. Ademais, non se fará ningunha distinción baseado na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio da xurisdicción do cal dependa unha persoa, tanto se trata dun país independente coma dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.

Artigo 3ª.

Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Artigo 4ª.

Ninguén estará sometido á escravitude nin a servidume; a escravitude e a trata de escravos está prohibida en tódalas súas maneiras.

Artigo 5ª.

Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos e aldraxantes.


Artigo 6ª.

Todo ser humano ten dereito, en tódalas partes, ó recoñecemento da súa personalidade.

Artigo 7ª.

Todos son iguais perante a lei e teñen, sen distinción, dereito á igual protección da lei. Todos teñen dereito á igual protección contra todo acto discriminatorio que infrinxa esta Declaración e contra toda provocación a tal acto.

CARTA AOS NENOS E NENAS DO COLEXIO



Ola son a nena saharauí:

Este colexio gústame moito porque teño ás miñas mellores amigas e amigos.

Quérolles dar as grazas a todos os profesores deste colexio e tamén ao profe Fariña. Quero que saiban que me gusta moito estudar.

Quérolle dar as grazas a Loliña, e a Delia, e a Marcos, e a Pepe. E a Melina e a Berto, porque son a miña familia española.


Quero que o meu soño se cumpra: quero ser enfermeira para axudar aos enfermos de aquí e aos saharauís.

Quero darlle as grazas ao director do cole.

Beluso, 19 de outubro de 2007-10-25

Azuha Sidi Salma

P.D. : Espero que o Sahara estea libre.



UMAHU LE TEBQUE ALLEIA (Nai, non chores por min)

Hafed Mayub

أما هو لا تبكي علياً بينتما
 أموت بكلامي فاهو تو يا حبت
 ادباً من حاييت ونشلهيد وما هو
 تبكي حلياً أنا يموت نشلهيد
 فاهو تو يا حبت لادي من حاييت
 ونا نشلهيد وما هو لا تبكي علياً يومى
 ما تله عليتما فاهو ما دخلت لاه عليك ايما
 ربا عبي ذكررت فايبر ايبر عتار يمي ايبر
 امخلياتك لاهيا تو حرجيا

أما هو لا تبكي علياً يا وميا

أما هو لا تبكي علياً يا وميا

أما هو لا تبكي علياً يا وميا

أما هو لا تبكي علياً يا وميا

UMAHU LE TEBQUE ALEIA
INENI EMUTU SEHID
FEMUTI AHOBAM LADEIA
MI HAIATI GUANA SEHID

Nai non chores máis por min
Vou ser un mártir
Morrerán os que máis queiras
De parte do meu corazón mártir

UMAHU LE TEBQUE ALEIA
INENI EMUTU SEHID
FEMUTI AHOBAM LADEIA
MI HAIATI GUANA SEHID

Nai non chores máis por min
Vou ser un mártir
Morrerán os que máis queiras
De parte do meu corazón mártir

FEMUTI AHOBAM LADEIA
MI HAIATI GUANA SEHID

Morrerán os que máis queiras
De parte do meu corazón mártir

UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI!
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !

Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!

MAGAM TAE LINE FEMENFÁ
MAJALE D TENAIDE QUE SEHID
AIRIG FEBRARI YET
ALEN DUIT ADELAI
AIRIG FEBRARI YET
ALEN DUIT ADELAI

Imos ir loitar
E vou ser un mártir
Agora ven a festa de febreiro
Xa están aí
Agora ven a festa de febreiro
Xa están aí

UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !

Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!

COAQUEN MANENDE JABIRAN
FIBURUANA E SAHID
EMEN SE EQU ABADAN
QUALAN PAUNA NADAHI
QUALAN EMEN SEQUE ABADAN
QUALAN PAUNA NADAHI

A Wali o queremos moito
Dentro do noso corazón mártir
Non imos esquecerte nunca
Nunca vas estar lonxe de nós
Nunca te imos esquecer
Nunca vas estar lonxe de nós

UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !
UMAHU, LE TEBQUE, ALEIA, IA UMI !

Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores. máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!
Nai, non chores, máis por min, ai naiciña!

AZHUA SIDI SALMA 6ºB.

CLASIFICACIÓN DE PIB/ HABITANTE DE PAISES DO MUNDO

1º LUXEMBURGO.....	87.400\$
2º IRLANDA.....	47.169\$
3º NORUEGA.....	47.098\$
4º EE UU.....	44.765\$
5º ISLANDIA.....	41.680\$
6º HONG KONG.....	41.614\$
7º SUIZA.....	40.590\$
8º PAISES BAIXOS.....	38.752\$
9º DINAMARCA.....	38.428\$
10º QATAR.....	38.172\$
28ª ESPAÑA.....	29.148\$



SUDÁN



Sudán está situado no norte de África, á beira do mar Vermello, entre Exipto e Eritrea. Está en parte atravesado polo río Nilo e seus afluentes. Cunha superficie de 2,505.813 km²., é o país máis grande do continente africano. A súa capital é Jartún e ten 41.236.378 habitantes. O seu PIB é de US\$ 2.417/persoa.

FAUNA

Hai distintas especies de vacas, cabalos, cabras, leóns, hipopótamos e carneiros.

FLORA

Hai algunhas especies de plantas que poden ser mimosas e árbores produtores de goma arábica

IDIOMA

A lingua predominante é o árabe, pero tamén hai dialectos camitas, sudaneses e nitóticos.

RELIXIÓN

Os nubios e os árabes predominantes na provincia do Norte son mahometanos, os negros principalmente en Ecuatoria e o Alto Nilo, son pagáns. Hai 681.614 católicos e uns 36.000 de protestantes.

Sudán é un país eminentemente agrícola, o 80% da súa poboación traballa neste sector. Ameazado de expulsión do FMI polo seu impago da débeda externa, e con gravísimos problemas que causa a seca, os datos económicos non marcan a verdadeira situación, dado que computan niveis altos de PIB debido aos recursos do petróleo e a explotación do ouro que queda en mans de unhas poucas empresas, todas elas estranxeiras.



TUNISIA



SITUACIÓN

Tunisia é un país situado ao Norte da costa mediterránea africana, a súa capital é a cidade de Tunes ou Tunisia. É o país máis pequeno preto das montañas do Atlas. Un 40% do seu territorio está ocupado polo deserto do Sahara, mentres que o resto é de solo fértil e válido para a agricultura;

ademais ten 1.300 km. de costa moi válidos para o turismo. Limita con Alxería ó Oeste e con Libia ó Sur e ó Leste.

SUPERFICIE E POBOACIÓN

Ten unha superficie de 163.610 km². e unha poboación de 6.966.173 habitantes con un PIB de 8.800\$ por habitante.

IDIOMA

O idioma oficial é o árabe inda que case toda a poboación fala tamén o francés que é o que se usa como lingua comercial e administrativa co estranxeiro.

RELIXIÓN

A relixión que predomina é a musulmán sendo nunha porcentaxe do 99% de rito sunnita, tamén hai algúns católicos, protestantes e xudeus.

ECONOMÍA

A moeda oficial é o Dinar

Agricultura: Os cultivos máis estendidos son os de secaño e as colleitas varían pola irregularidade das choivas. Os cultivos maioritarios son o do millo, a cebada, as oliveiras, as vides, os cítricos e os dátiles, que se dan nos oasis meridionais. Remolacha azucreira, as hortalizas coma o tomate e a pataca, cultívanse de regadío. Tamén teñen unha gran produción de cortiza e esparto.

Gandería: Fundamentalmente ovina, seguen en importancia a caprina e os camelos.

Pesca: Ten importantes industrias conserveiras de atún e sardiñas.

Industria: Ultimamente fomentouse o desenvolvemento das industrias exportadoras: azucre refinado, crus do petróleo, aceiros, e produtos químicos. Ten tamén importancia a industria artesanal como os tapices, calzado e orfebrería. O turismo converteuse nunha importante fonte de ingresos.

CULTURA

Tunisia conserva excepcionais ruínas romanas; no seu territorio encóntranse numerosos templos, baños, anfiteatros, foros e coliseos. En Cartago quedan importantes restos romanos e cartaxineses. A arquitectura islámica está representada polas mesquitas de Zaituna e de Jamaa Sidi Ubca.



MALÍ



SITUACIÓN

Limita ao norte con Alxeria e Mauritania, ao sur con Burkina Faso, Costa de Marfil e Guinea Conakry, ao leste con Níxer e ao oeste con Mauritania e Senegal.

SUPERFICIE

A súa superficie é de 1.240.192 km².

POBOACIÓN

Malí ten unha poboación de 11.716.829 habitantes. A maioría da poboación é de orixe africano. O islam é a relixión do 90% da poboación, en tanto que un 9% segue as crenzas tradicionais, un 1% son cristiáns.

CAPITAL

A capital do país é Bamako.

IDIOMA

O idioma oficial é o francés, ademais falan babara e numerosos dialectos.

ECONOMÍA

O país e un dos máis pobres do mundo. A súa economía é agraria e os cultivos dependen case por completo do regadío e das inundacións do río Níxer e os seus afluentes. A industria pesqueira

produce un excedente que se seca e afuma para poder exportar. Os recursos minerais son pouco explotados pero hai sal, fosfatos, ouro e uranio.
O seu PIB por habitante é de 1.154\$.



ALXERIA



SITUACIÓN

A República Alxeria Democrática e popular é un país no norte de África que pertence ó Magreb. Sendo o segundo país en superficie de África, limita co mar Mediterráneo ó norte, Tunisia ó nordeste, Libia ó leste, Níxer ó sueste, Malí e Mauritania ó suroeste e Marrocos e ó Sahara Occidental ó oeste.

XEOGRAFÍA

Ten unha superficie de 2381.741km².

A súa poboación é de 32,930.091 habitantes, sendo o seu PIB de 7.189 \$.

CAPITAL

A súa capital é a cidade de Alxeria.

IDIOMA

O idioma oficial do país é o árabe, tamén se fala o bérber e o francés.

RELIXIÓN

A relixión en Alxeria maioritaria cun 99 % é a musulmán sunnita, tamén hai un 1 % de cristiáns e xudeus.

ECONOMÍA

Alxeria ten unha florecente industria que ten por petróleo e no gas natural, o que trae consigo a presenza da industria da electricidade e química. Tamén ten industria alimentaria, cemento, do aceiro e téxtil.

A súa moeda é o Dinar

CULTURA

A cultura de Alxeria está cos influxos da cultura árabe e da ocupación francesa, dando así un país coa mestura de dúas culturas bastante antagónicas.



EXIPTO



SITUACIÓN

Exipto é un estado situado no noroeste de África e unha pequena parte no continente asiático,(a península do Sinaí). Limita ó norte co mar Mediterráneo e Israel, ó leste co mar Vermello, ó sur con Sudán e ó oeste con Libia. A súa xeografía é desértica na case totalidade, exceptuando o val do Nilo.

XEOGRAFÍA

Exipto ten unha extensión de 1.001.450 km² e unha poboación de 70.712.345 habitantes.

CAPITAL

A capital de Exipto e O Cairo.

IDIOMA

O idioma oficial de Exipto é o árabe. Tamén se falan outros dialectos bérberes.

RELIXIÓN

A relixión dominante en Exipto é a árabe sunnita con un 90% da poboación, hai un 9% de cristiáns coptos un 1% de xudeus

ECONOMÍA

A economía de Exipto é unha das máis importantes dos países africanos, pois ten unha importante agricultura debido o moderno sistema de rego aproveitando as crecidas do Nilo e coa construción da presa de Assuán que é unha das máis grandes do mundo en produción eléctrica .

Exipto é un país rico en petróleo e gas, pero a principal fonte de riqueza é o turismo debido a súa historia e os seus monumentos.

O PIB é de 4282 \$ por habitante.



SAHARA OCCIDENTAL



SITUACIÓN

O Sahara occidental é un territorio situado ó noroeste de África, na costa atlántica do deserto do Sahara.

Os seus limites son Marrocos, que agora ocupa a maior parte do país, ao norte. Alxeria ó leste. Mauritania ó leste e ó sur. O océano Atlántico ó oeste.

Atravesado polo Trópico de Cáncer, o territorio está ocupado polo deserto do Sahara. Sendo unha parte deserto de area e outro de pedra. A escasa vexetación so crece nos oasis.

EXTENSIÓN

O Sahara occidental ten unha extensión de 266.000 km², estando a maior parte ocupados por Marrocos e o resto baixo o dominio do Fronte Polisario.

POBOACIÓN

A poboación é duns 500.000 habitantes aproximadamente, estando unha parte dela vivindo nos campamentos de refuxiados no territorio de Alxeria como é o caso de Tinduf

IDIOMA

O idioma que se fala no Sahara é o árabe hassaní.

RELIXIÓN

A relixión dominante é o islam.

ECONOMÍA

Na súas costas están as principais reservas pesqueiras do mundo, pero o seu principal recurso económico é a explotación das minas de fosfatos de Bu-Craa.

A poboación que vive na parte liberada só ten o pastoreo e as axudas dalgúns países a través da cooperación internacional.

ADIVIÑAS

Cantos pelos teñen os gatos ao nacer?

Sen conta.

Cal é o peixe que pare “congritos”?

O congro.

Cal é o animal que vai sempre de último?

O delfín.

Un caixón échelo de cousas e pesa menos. Que fixeches?

Buracos.

Cal é a cousa que canto máis lle quitas, máis grande se fai?

O buraco.

De verde me volvíñ negra e moéronme con tino, ata que o final de todo, de min fixeron ouro fino.

Oliva.

Unhas manchas encarnadas entre os trigais. Son notas coloreadas que alegran os “zagais”.

Papoulas.

Son unha cor moi brillante, que o azul non me pode ver, porque cando me toca ponme verde sen querer

O cor amarelo.

A “ti” tócalle empezar, dous de “gruñido” síguelle e a “e” tócalle rematar.

O tigre.

Que cousa cousiña é que ten o morro afiado, é unha gran nadadora e dos bañistas gran devoradora.

A quenlla.

Líquido elemento a min me chaman e era en tempos exemplo de pureza; a xente co seu lixo, me deixou que non hai quen me beba.

A auga.

Un home nunha hora fixo un buraco.

En dúas horas fixo dous buracos.

En tres horas fixo tres buracos

Cantos buracos fixo en media hora?

Un buraco.

É un libro moi gordo e ordenado no que se ben miras che darei un bo significado

O dicionario.

Son unha cousiña que camiño e corro polos ríos, navego pola mar. Son moi doce e salgada, e tamén sen bañar

Son azul e polo día ata teño un gran Sol, pola noite Lúa e estrelas para pracer do gran señor.
O ceo.

Unha pata con dous pés.
Di algo que poida ser?
A pata.

Trepa, que trepa, que trepa
Polas árbores e paredes.
Non ten un pelo de parva
e o rabo o que quixeres.
A lagarta.

Saltando de pena en pena
recórreme a montaña.
Non deixa viva unha herba
Nin unha brizna, nin unha cana.
A cabra.

Ó campo e ó monte, vou co amo.
Se non falo moito, non perdo bocado.
A ovella.

CARLA PEREIRA FERNÁNDEZ
ALBA RIAL VIDAL
CELESTE PEREIRA PÉREZ
SERAFÍN MARTÍNEZ CANOSA
6º B

O NOSO AMIGO SOL

Ao amencer vexo o horizonte
 todo despexado
 o sol xa non se esconde

Sae lentamente
 cheo de vergoña
 alí ó lonxe
 con moita forza

Nos llo agradecemos
 podemos camiñar
 xuntos cantaremos
 la, la, la, la, la,
 viva o soliño bonito
 e tamén o mar.

O MAR

Hoxe cando fun pescar
 puxenme a bucear
 e encontrei unha serea
 alí no medio do mar

Quen a pudiera namorar
 a esa serea guapa
 que non se deixou amar

E eu gritei e gritei
 ven serea fermosa
 que te quero namorar

Tivenme que casar
 Con esa serea guapa
 Que por fin se deixou amar.


DEPORTES

Este curso, como xa é tradicional, están en marcha as ligas dos recreos de **BALONMÁN e FUTBITO**, para os Ciclos 2º e 3º de Educación Primaria. Na actualidade non rematou ningunha destas ligas, polo que aínda non temos ningún equipo gañador.



Tamén queremos celebrar neste curso outras competicións, por ciclos e nos recreos, de **VOLEIBOL, BALONCESTO** (nos dous casos, no patio cuberto) e **TENIS DE MESA** (na entrada do colexio), tanto masculinas como femininas, sempre e cando as circunstancias (humanas e materiais) e o tempo nolo permitan.

Por outra parte, informamos da intención de seguir poñendo en marcha en xaneiro, por 7º ano consecutivo, a actividade de BALONCESTO do Colexio, para os nenos/as de 6º de Educación Primaria e os ex-alumnos/as de 1º e 2º de E.S.O., que se celebrará tódolos mércres (de xaneiro a maio) entre as 16'00 h. e as 18'00 h. no patio cuberto. Aclarar que a primeira hora estará dedicada fundamentalmente ás nenas e a segunda ós nenos. Esta actividade está dirixida polo mestre de Educación Física do colexio D. Manuel Amador Alonso López, sendo totalmente voluntaria, gratuíta e lúdica. A data concreta de inicio darase a coñecer no mes de decembro, xunto cos impresos para os permisos paternos dos nenos/as interesados/as.



TRABALLOS DOS ALUMNOS DE 4B



